



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE ABRIL DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e un de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 13 de abril de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros presentes que asistiron á citada sesión (non asistiron Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Ríos Rama), aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia**

- Orde do 27 de marzo de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 67, do día 10 de abril de 2015).

- Orde do 9 de abril de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións senlleiras de Galicia, e se convocan para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 70, do día 15 de abril de 2015).

- Orde do 1 de abril de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, para a contratación temporal de persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, e se procede á convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 70, do día 15 de abril de 2015).

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, de designación dos lugares públicos e locais oficiais para realizar os actos de campaña electoral, con motivo das eleccións locais, convocadas por Real Decreto 233/15, de 30 de marzo. (Boletín Oficial da Provincia número 69, do día 15 de abril de 2015).



- Resolución da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOAXCA: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto “servizo de axuda no fogar”, cun importe de subvención de 40.988,71 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 71, do día 17 de abril de 2015).

- Orde do 7 de abril de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 72, do día 17 de abril de 2015).

- Orde do 1 de abril de 2015 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 69, do día 14 de abril de 2015).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada comezaron a funcionar os semáforos do Seixal. Tamén comezaron as obras do DTC 93, coa obra de pavimentación en San Lorenzo.

A seguir, informa que no día de onte comezaron as obras do POS 2014, coa obra substitución tubos abastecemento en Sigrás de Abaixo e San Lorenzo.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que xa remataron as obras da unidade de execución número 11, onde está a gardería e se construíra o centro de saúde. Respecto deste último, xa solicitaron ao arquitecto que presente o certificado de final de obra.

A continuación, informa que solicitaron orzamentos para poder pechar a estrutura que se atopa no lugar de Castrobo-Xan Faba, detrás do Mesón Alba. Engade que recibiu queixas, dado que os adolescentes entran na citada estrutura.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que se está a desenvolver a actividade “Abrilustrado”, encontros taller de banda deseñada nas bibliotecas municipais de Cambre, na central, na Xabier P. Docampo e nos Templarios, dende o día 20 ao 27 de abril e destinado para o alumnado de 3º dos IES do municipio. Actuarán Santy Gutiérrez, David Prieto (Gochi) e Xosé Tomás.

A continuación informa que o vindeiro día 23 de abril, con motivo da celebración do día do libro, nas bibliotecas haberá un regalo para os usuarios. Tamén se realizará por parte da editorial Baía



Edicións a entrega do premio “Meiga Moira” á escritora de Cambre Andrea Maceiras, polo seu libro “Miña querida Sherezade”.

A seguir, informa que o vindeiro día 24 de abril, no centro sociocultural do Graxal, ás 19.00 horas, a compañía de teatro Caramuxo Teatro representará a obra “Feo”, para público familiar, dentro da programación Cultura no Camiño 2015.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que a banda de música da asociación Sementeira de Cambre ofrecerá un concerto extraordinario de música española o vindeiro sábado día 25 de abril no local “La Juventud de Cecebre”, ás 20.00 horas.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que o pasado día 16 de abril remataron todos os actos de celebración do día internacional da muller. Engade que se tratou de concienciar ás familias e aos nenos con talleres de corresponsabilidade no fogar, por exemplo, coa celebración dun concurso gastronómico no que se premiou a elaboración de pratos nos que participou toda a familia. Manifesta que o xurado o formaron as asociacións de Cambre. O acto rematou cunha obra infantil á que asistiron moitas persoas.

A seguir, informa que o vindeiro día 23 de abril terá lugar en Santiago un foro sobre igualdade no que se tratarán temas de conciliación e corresponsabilidade. Ó acto foi invitado un técnico municipal para que expoña o que se está a facer en Cambre. Manifesta que a directora xeral de Igualdade, dona Susana Abella, felicitou recentemente ao Concello polo traballo levado a cabo neste campo.

Para rematar a súa intervención, dona María Jesús González Roel informa que dentro do programa de actividades de encontro e lecer, aínda a pesar de non ser un taller de emprego, moitas persoas das que participaron foron contratadas posteriormente. Engade que no día de mañá ela e a concelleira concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo dona Marta María Vázquez Golpe se reunirán cunha empresa para tratar este tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Manuel Rivas Caridad

Verónica María Otero López